



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA DOUS DE OUTUBRO DE 2020

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIROS/AS:

PSdeG-PSOE:

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D^a María Amparo García Pernas.

D. José Bello López.

D. José Manuel Blanco López.

BNG:

D^a Beatriz Louro López.

Non asisten e se escusan:

PSdeG-PSOE:

D. José Pardo Álvarez.

D. José Fernando García Lesta.

D. Manuel Méndez Remeseiro.

PP:

D. Javier López Vázquez.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 2 de outubro de 2020, sendo as trece horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O DÍA 7 DE AGOSTO DE 2020.

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión sinalada no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación da mesma, adoptándose o acordo por unanimidade dos membros presentes.

2. FIXACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2021.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA AO PLENO



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

FIXACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2021

Mariano Iglesias Castro, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía, tendo en conta o escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da Coruña onde se nos require para formular proposta aprobada polo Pleno da Corporación na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste concello para o ano 2021.

Propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Fixar como días festivos locais para o ano 2021, o día 16 de febreiro, martes de Entroido, e o venres 6 de agosto, As Misas.

Segundo.- Darlle traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da Coruña.

Mesía, 29 de setembro de 2020. O alcalde, Mariano Iglesias Castro."

Manifesta o Sr. Alcalde que dende que está este grupo de goberno sempre se colle o martes de Entroido, e o outro día alternase entre San Cidre e San Antonio, pero en 2021 coinciden en sábado, polo que escolleuse o 6 de agosto, que é venres e xa é festa aquí en Xanceda, polo que entorpece menos.

Non habendo máis intervencións, o alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

3. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA MUNICIPAL "OS CAMIÑOS".

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

"PROPOSTA Ó PLENO

APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA MUNICIPAL "OS CAMIÑOS".

Visto que este concello dispón do Regulamento de réxime interno do Punto de atención á infancia municipal "Os Camiños" aprobado inicialmente o día 7 de agosto de 2020 polo Concello Pleno, e publicado o seu texto definitivo no Boletín Oficial da Provincia núm. 161, de data 28 de setembro de 2020.

Vista a necesidade de que na lista de espera se poida baremar, seguindo os criterios establecidos no dito regulamento, as solicitudes presentadas fóra de prazo por causas debidamente xustificadas, proponse ao Pleno a aprobación do seguinte acordo:



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Primeiro.- Aprobar a modificación do artigo 9.4. do Regulamento de réxime interno do Punto de atención á infancia municipal “Os Camiños”, quedando redactado como segue:

“Artigo. 9.4. Solicitudes fóra de prazo.

As solicitudes que por circunstancias sobrevidas debidamente xustificadas non se presentasen nos prazos fixados en convocatoria anual de novo ingreso, serán valoradas pola Comisión de Valoración para a súa inclusión na lista de espera, segundo a puntuación obtida.

As vacantes que se vaian producindo ao longo do curso serán cubertas por rigorosa orde de puntuación entre os/as solicitantes en lista de espera.

Unha vez esgotada a lista de espera e se quedan aínda prazas vacantes, poderán ser cubertas por aqueles alumnos/as que soliciten a súa incorporación ao centro unha vez comezado o curso escolar.

O novo alumnado que se incorpore ao PAI, unha vez comezado o curso escolar, deberán presentar a mesma documentación que o resto dos alumnos xa matriculados.”

SEGUNDO: Proceder ó trámite de información pública polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Se os interesados presentasen reclamacións ou suxestións serán resoltas polo Pleno. No caso de que non se presentasen reclamacións ou suxestións, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, procedéndose á publicación do texto íntegro da modificación no Boletín Oficial da Provincia.

Mesía, 29 de setembro de 2020. Asdo. Mariano Iglesias Castro. Alcalde.”

Toma a palabra a Sra. Sánchez sinalando que coa redacción actual do regulamento os rapaces que quedan na lista de espera teñen prioridade sobre a xente que se apunta despois. Con esta modificación preténdese que cada vez que alguén se apunta con posterioridade á elaboración da lista de espera se lle apliquen os mesmos criterios que para a xente que xa está apuntada, reformulándose a lista.

Non habendo máis intervencións, o alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

4. MOCIÓN.

De seguido o Sr. Alcalde sinala que o Bloque Nacionalista Galego presentou dous mocións dende que se convocou o Pleno. A primeira en relación co mantemento e mellora do transporte público de Mesía, da que se ofrece copia aos concelleiros, pasándolle a palabra á Sra. Louro, quen manifesta que tal como di a moción, e visto que queren quitar a liña de Vila de Cruces á Coruña, estamos intentando que non a quiten, aínda que se teñan que facer axustes. Dase conta da moción que, de seguido, se transcribe:



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

“MOCIÓN QUE PRESENTA O BNG PARA O MANTEMENTO E MELLORA DO TRANSPORTE PÚBLICO DE MESÍA

Un rural vivo require servizos, e un dos servizos importantes é o transporte público. Desde hai moitos anos existe unha liña de transporte público que saíndo de Vila de Cruces, pasa por Arzúa, Boimorto e Mesía, continúa por Abegondo e Carral e chega á Coruña. É a única liña de transporte público con que conta Mesía.

A supresión da liña, prevista pola Xunta para setembro, quedou adiada após a mobilización social e política. Pero a información publicada pola Xunta, anunciando a continuidade só até xaneiro, deixa de novo a incerteza de cal será a oferta de transporte a partir de xaneiro.

O BNG entende que só con servizos de calidade se pode manter un rural vivo, activo e con futuro. Un servizo básico é o que ten que ver coa mobilidade; o BNG aposta por garantila con medios públicos que respondan á rendibilidade social. Non nos vale, xa que logo, o argumento de suprimir servizos porque non hai xente, porque o certo é que, se non hai servizos, a xente abandona o rural. A liña Vila de Cruces – Mesía – A Coruña é unha liña xa histórica, que precisa melloras e aumento de frecuencias para incrementar a súa utilidade.

É por todo o anterior que o BNG propón ao Pleno de Mesía a adopción do seguinte ACORDO:

O Concello de Mesía solicita á Xunta de Galicia o mantemento e mellora do transporte público no concello, incluíndo a liña actual Vila de Cruces - Mesía - A Coruña, como medida imprescindible para articular o rural e as súas conexións co medio urbano.

Mesía, 30 de setembro de 2020. Asdo. Beatriz Louro López. Portavoz do BNG.”

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que está totalmente de acordo coa moción pero nós xa o fixemos o día dous de setembro. Tiven unha reunión co xefe territorial da consellería de Infraestruturas e pedín apoio a todos os alcaldes dos concellos polos que transcorre o percorrido. Despois dareille á Sra. Louro copia dos escritos tramitados. Entendo que si algo xa está cumprimentado parece un contrasentido apreciar agora a urxencia desta moción. O noso plantexamento é que, considerando que dende Mesía hai tres saídas diarias á Coruña, se non poden quedar as tres, polo menos que haxa un servizo a Ordes tres veces ao día, e así dende alí que a xente poida enlazar a Santiago ou á Coruña.

Non habendo máis intervencións ao respecto, manifesta o Sr. Alcalde que o outro escrito presentado polo Bloque Nacionalista Galego insta a actuar ao grupo de goberno, polo que entendo que é un rogo, xa que nós non nos imos votar instarnos a actuar a nós mesmos, polo que tratarase despois no apartado de rogos.

Non habendo intervencións, pásase ao punto seguinte da orde do día.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

5. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (222/2020 A 305/2020).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

RELACIÓN DECRETOS DO 222 Ó 305 DO ANO 2020			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
222	Servizos sociais	Suspensión temporal SAF a usuaria	04/08/2020
223	Acción veciñal	Concesión axuda nacemento filla Lara o 26/07/20	04/08/2020
224	Organización e funcionamento	Convocatoria Pleno ordinario 6/2020 do 07/08/2020	04/08/2020
225	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local 12/2020 do 06/08/2020	04/08/2020
226	Economía e facenda	Execución do gasto 05-08-2020	05/08/2020
227	Obras e Urbanismo	Aprobación Plan despliegue Fibra Óptica	06/08/2020
228	Contratación	Aprobación expte. de contratación C07/2020 obra Camiño de Pousadoiro a Seble (Visantoña) e outro	10/08/2020
229	Contratación	Aprobación expte. de contratación C08/2020 obra Camiño de AC-223 ás Barreiras (Xanceda) e outro	10/08/2020
230	Economía e facenda	Transferencia de crédito 02-2020. Salarios e S.S. persoal Punto de Atención a Infancia (PAI) Xanceda.	10/08/2020
231	Economía e facenda	Execución do gasto 11/08/2020	11/08/2020
232	Persoal	Bases e convocatoria proceso selectivo educador-a infantil PAI e elaboración dunha bolsa de emprego	11/08/2020
233	Persoal	Bases e convocatoria proceso selectivo auxiliar de apoio PAI e elaboración dunha bolsa de emprego	11/08/2020
234	Persoal	Nomeamento de Secretaria accidental	11/08/2020
235	Acción veciñal	Inscripción Asociación Pedra Mallada no Rexistro municipal de asociacións	12/08/2020
236	Secretaría	Acordo comparecencia e designación avogado P.O. 4078/2020 TSJG	12/08/2020
237	Secretaría	Acordo comparecencia e designación avogado P.O. 89/2020 Xulgado Contencioso-administrativo nº 2 da Coruña	12/08/2020
238	Persoal	Corrección erro Decreto 232/2020 e 233/2020. Erro material nas aplicacións orzamentarias de gasto.	12/08/2020
239	Servizos sociais	Baixa usuario axuda de alimentos	12/08/2020
240	Obras e Urbanismo	Suspensión obras expte. R.L. 2/2020	13/08/2020
241	Facenda municipal	Cambio de titularidade no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios exercicio 2021	14/08/2020
242	Persoal	Modificación xornada laboral auxiliar de axuda no fogar	17/08/2020
243	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local 13/2020 do 20/08/2020	18/08/2020
244	Urbanismo	Entrada en domicilio execución traballos expte. orde de execución O.E. 21/2018	20/08/2020
245	Obras e Urbanismo	Concesión de enganche á rede de abastecemento de auga municipal	21/08/2020
246	Obras e Urbanismo	Concesión de enganche á rede de abastecemento de auga municipal	21/08/2020
247	Obras e Urbanismo	Concesión de enganche á rede de abastecemento de auga municipal	21/08/2020
248	Obras e Urbanismo	Concesión licenza de edificación, expte. CPACOM 02/2020	25/08/2020
249	Xulgado de Paz	Declaración deserta convocatoria pública elección Xuíz de Paz substituto	25/08/2020
250	Facenda municipal	Aprobación do padrón de auga, saneamento e canon da auga do 2º ttre. 2020	26/05/2020
251	Persoal	Recoñecemento 8º trienio_funcionaria Carmen P. Blanco Villares	26/05/2020
252	Contratación	Adxudicación obra C06/2020 "Camiño de Pereira a Campo das Cruces (Albixoi) e outros" PMC 2020-2021	27/08/2020
253	Contratación	Adxudicación contrato menor de servizo do control de calidade da obra expte. C06/2020	27/08/2020
254	Economía e facenda	Execución do gasto. Nóminas mes agosto 2020	28/08/2020



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

RELACIÓN DECRETOS DO 222 Ó 305 DO ANO 2020			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
255	Persoal	Lista provisional de admitidos/as, excluídos/as proceso selectivo educadora infantil PAI	28/08/2020
256	Persoal	Lista provisional de admitidos/as, excluídos/as proceso selectivo auxiliar de apoio PAI	28/08/2020
257	Servizos sociais	Lista admitidos/as, excluídos/as e lista de espera prazas PAI	31/08/2020
258	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local 14/2020 do 03/09/2020	01/09/2020
259	Economía e facenda	Execución do gasto.	01/09/2020
260	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	01/09/2020
261	Obras e Urbanismo	Concesión enganche á rede de abastecemento de auga municipal	02/09/2020
262	Obras e Urbanismo	Concesión enganche á rede de abastecemento de auga municipal	02/09/2020
263	Obras e Urbanismo	Concesión enganche á rede de abastecemento de auga municipal	02/09/2020
264	Obras e Urbanismo	Concesión enganche á rede de abastecemento de auga municipal	02/09/2020
265	Obras e Urbanismo	Concesión enganche á rede de abastecemento de auga municipal	02/09/2020
266	Servizos sociais	Solicitude subvención Plan Concertado 2020. Complementaria	03/09/2020
267	Persoal	Lista definitiva admitidos/as-excluídos, convocatoria tribunal e proba galego educador/a infantil PAI	04/09/2020
268	Persoal	Lista definitiva admitidos/as-excluídos, convocatoria tribunal e proba galego auxiliar de apoio PAI	04/09/2020
269	Economía e facenda	Execución do gasto.	07/09/2020
270	Economía e facenda	Transferencia de crédito 03/2020	07/09/2020
271	Economía e facenda	Xeneración de crédito 11/2020. Subvención Deputación obra Camiño de Soutelo a Mesía.	07/09/2020
272	Contratación	Adxudicación contrato menor de obra "Colocación de Varanda de seguridade nas Brañas da Valga"	08/09/2020
273	Contratación	Aprobación certificación 1-final obra Camiño en Mata (Xanceda) e outros. Expte. C01/2020	09/09/2020
274	Economía e facenda	Execución do gasto 09/09/2020.	09/09/2020
275	Contratación	Aprobación certificación 1-final obra Cambio de cuberta do Pavillón de Xanceda. Expte. C03/2020	09/09/2020
276	Patrimonio	APROBACIÓN EXPTE. ADQUISICIÓN DIRECTA BEN INMOBLE PARA APARCADOIRO NO LUGAR DE CALLES, SAN LOURENZO DE OLAS.	10/09/2020
277	Servizos sociais	Alta usuaria SAF libre concorrencia	10/09/2020
278	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	10/09/2020
279	Servizos sociais	Suspensión temporal SAF a usuaria	11/09/2020
280	Acción veciñal	Concesión subvención nominativa Visantóna CF	11/09/2020
281	Acción veciñal	Concesión subvención nominativa Club Deportivo Mesía	11/09/2020
282	Economía e facenda	Liquidación Servizo de Axuda no Fogar mes xullo 2020.	14/09/2020
283	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local 15/2020 do 16/09/2020	14/09/2020
284	Persoal	Nomeamento persoal laboral temporal para o posto de Educadora Infantil do Punto de Atención Infantil municipal "Os Camiños"	17/09/2020
285	Persoal	Nomeamento persoal laboral temporal para posto de Auxiliar do Punto de Atención Infantil municipal "Os Camiños"	17/09/2020
286	Economía e facenda	Execución do gasto. Comisións BBVA.	18/09/2020
287	Economía e facenda	Execución do gasto 18/09/2020. UDESA. Dereitos acometida PAI Xanceda	18/09/2020
288	Contratación	Adxudicación obra "CAMIÑO DE POUADOIRO A SEBLE (VISANTÓN) E OUTRO". Expte. C07/2020	18/09/2020
289	Contratación	Corrección erro decreto 253/2020	18/09/2020
290	Contratación	Adxudicación obra "CAMIÑO DE AC-223 ÁS BARREIRAS (XANCEDA) E OUTRO	18/09/2020
291	Contratación	Aprobación expte. de contratación C09/2020 obra Camiño de Soutelo a Mesía (Olas)	21/09/2020
292	Persoal	APROBACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO PARA O POSTO DE AUXILIAR E APOIO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA MUNICIPAL "OS CAMIÑOS"	22/09/2020



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

RELACIÓN DECRETOS DO 222 Ó 305 DO ANO 2020			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
293	Persoal	APROBACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO PARA O POSTO DE EDUCADORA INFANTIL DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA MUNICIPAL "OS CAMIÑOS"	22/09/2020
294	Patrimonio	Adxudicación contrato adquisición ben inmueble. Expte. C10/2020	22/09/2020
295	Economía e facenda	Liquidación Servizo de Axuda no Fogar mes agosto 2020	22/09/2020
296	Asuntos xudiciais	Inadmisión recurso contra acordo de orde de cese de actividade	22/09/2020
297	Asunto xudiciais	Acordo de cese de actividade e corte de subministros	22/09/2020
298	Persoal	Nomeamento secretaria-accidental do Xulgado de Paz de Mesía	24/09/2020
299	Acción veciñal	Bases e convocatoria axuda transporte escolar curso 2020-2021	24/09/2020
300	Economía e facenda	Xeración de crédito 12/2020. Subvención Xunta para elaboración dun Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES)	25/09/2020
301	Economía e facenda	Execución do gasto 28/09/2020.	28/09/2020
302	Economía e facenda	Xeración de crédito 13/2020. Subvención IDAE para execución obra ACTUACIÓN DE AFORRO ENERXÉTICO NOS ALUMEADOS PÚBLICOS (ANUALIDADE 2020)	28/09/2020
303	Cultura	Aprobación conta xustificativa subvención mellora das coleccións bibliográficas	28/09/2020
304	Economía e facenda	Execución do gasto 29/09/2020. Asistencias Plenos e XGL 3T 2020	29/09/2020
305	Economía e facenda	Execución do gasto 29/09/2020. Nóminas persoal Concello 3T 2020	29/09/2020

Non habendo intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

6. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 24 DE XULLO, 6 E 20 DE AGOSTO E 3 DE SETEMBRO DE 2020.

Manifesta o Sr. Alcalde que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, por si alguén quere algunha aclaración ou manifestar o que estime oportuno.

Non manifestando nada ó respecto ningún concelleiro, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Manifesta o Sr. Alcalde que, en primeiro termo, tratarase o escrito presentado pola Sra. Louro, do que se deu copia aos Sres. concelleiros e que, de seguido, se transcribe:

“Á/A ALCALDE-PRESIDENTE CONCELLO DE MESÍA

D^a Beatriz Louro López, portavoz do grupo municipal do BNG, e no seu nome, presenta o se debate e aprobación se procede a seguinte Moción.

CREACIÓN DE LIÑAS DE AXUDAS PARA FACER FRONTE AOS GASTOS ESCOLARES COMO CONSECUENCIA DO COVID-19



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

O inicio do curso 2020/21 ven marcado polas condicións que impón a pandemia causada polo covid-19.

Ás medidas de seguridade e hixiene que deben adoptar os centros, únense as que debe cumprir todo o alumnado individualmente. O cumprimento destas medidas anti covid-19 de hixiene persoal implica a compra de máscaras, xel, estoxos... que supoñen un gasto engadido á compra do material escolar que se produce en todo inicio do curso.

As instrucións do 28/08/2020 das Consellerías de Educación e Sanidade polas que se actualiza o protocolo de adaptación ao contexto covid dos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/21 establece que todo o alumnado debe levar cada día un mínimo de dúas máscaras xunto con un estoxo para gardalas. En moito casos a isto hai que engadir xel hidroalcohólico ou luvas.

Estas normas de obrigado cumprimento para todos e cada un dos alumnos e alumnas vai supor un sobrecoste considerable para as familias nun entorno de crise económica derivado precisamente desta pandemia.

Debemos considerar tamén que hai unha alta probabilidade de que, en función da evolución da pandemia, se teña que retomar en algún momento a impartición de clases en modo telemático para as que é necesario dispor de dispositivos (equipos informáticos, smartphones) e dunha conexión fixa ou móbil con un mínimo de garantías.

Estamos por tanto ante unha situación nas que se fai imprescindible planificar medidas que reforcen as garantías de seguridade e sobre todo de igualdade de oportunidades na veciñanza. Non debemos esquecer que unha das funcións máis importantes do ensino é a de garantir esa igualdade de oportunidades independentemente da situación económica das familias.

Correspóndelle aos poderes públicos, e tamén ao Concello, poñer todos os medios necesarios para que unha situación de crise como a actual non afonde aínda máis na desigualdade, axudando a paliar o sobreesforzo económico que supoñen as actuais circunstancias.

Sobrecoste económico que tamén afecta aos centros escolares se temos en conta que a Xunta de Galicia delegou sobre os centros educativos as responsabilidades sobre as garantías hixiénico-sanitarias fronte ao Covid-19 o que provocará que deberán destinar unha parte dos seus orzamentos para este fin e detraelos doutras actividades educativas (fondos de biblioteca, actividades extraescolares...)

Diferentes Reais Decretos Lei (8/2020, 11/2020, 23/2020) permiten aos concellos a utilización do superávit do exercicio 2019 para determinados ámbitos considerados prioritarios como consecuencia da crise sanitaria, económica e social derivados da Covid-19, entre eles para gastos en servizos sociais e promoción social.

Consideramos a educación como un servizo esencial e universal e por tal motivo ese superávit pode e debe ser empregado para crear unha liña de axuda ás familias e para financiar a compra de material escolar (tanto sanitario como académico)

Por todo o exposto e polo que se propón ao pleno da corporación a adopción dos seguintes:

ACORDOS.

- 1. O concello de Mesía creará unha liña de axudas, para financiar a compra de material escolar propiamente dito e de material de protección anticovid-19 (máscaras, estoxos, xel...), destinada ao alumnado procedente de familias que o precisen.*
- 2. Así mesmo, o concello iniciará as accións necesarias para unha adecuada cobertura da rede en todos os puntos do concello onde haxa alumnado e facilitará ó acceso a ela ás familias que, tendo estudantes, precisen axuda económica para a súa conexión.*



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

3. *No caso de que a Consellería de Educación non o facilite, o concello dotarase de dispositivos que permitan a conexión dixital para entregar temporalmente ao alumnado que careza deles por razóns económicas.*

Mesía, 30 de setembro de 2020. Asdo.: Beatriz Louro López."

Toma a palabra a Sra. Sánchez manifestando que, en relación con este asunto, xa tiveron reunións cos tres colexios ao principio, co protocolo da Xunta. Non en todos os concellos a situación é a mesma, o noso gasto é maior. Xa se compraron mascarillas para os rapaces por terceira vez. A consellería de Educación mandou ordenadores e logo o concello tamén prestou algúns, e aínda dispoñemos de tres máis para prestar a quen os necesite, este servizo segue aí e o saben no colexio. Tamén nos pediron xogos para o patio e adquirimos por dous mil catrocentos euros dous xogos para cada escola unitaria e seis ou sete para o CPI de Xanceda. No CPI o gasto divídese entre a consellería de Educación e o concello pero nas unitarias compramos todo, xel, alfombrillas, mascarillas por si aos rapaces se lles rompen as que levan. Tamén o concello ocúpase da limpeza de todos os colexios, facemos presentación de obras de teatro e outras actividades relacionadas coas Letras Galegas, Brañas da Valga ou o Nadal, polo que a maior parte das celebracións do cole saen do concello, o que non sucede noutros concellos. Tratamos de ir axudando na medida que podemos. Ademais temos á educadora familiar para familias con problemas, así como a compra de alimentos ou pañais en casos de necesidade. Non podemos prometer liñas de axuda pero ningún rapaz quedará sen uns tenis se os necesita.

Pregunta a Sra. Louro si se pediu a subvención do PEL REACTIVA, pola que xa preguntou na pasada sesión, respostando o Sr. Alcalde que si, que xa está solicitada.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as catorce horas e dez minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario – Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,
D. Mariano Iglesias Castro.